



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

Rúa Madrid, nº 2-4, 2º, Fontiñas  
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno: 881 996 342/43 - Fax: 881 996 346  
E-mail: secretaria.deporte@xunta.es

galicia

**EXPEDIENTE:** PR946B 2017/000015-0

**SOLICITANTE:** FEDERACIÓN GALEGA DE BADMINTON

**Nº REXISTRO:** F-00433

**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
REXISTRO DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 353 / RX 614607

Data: 19/04/2017 09:42:17



## NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN

Notifícolle que con data 17/04/2017 o/a Secretaría Xeral para o Deporte dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Á vista da solicitude e documentación presentada, e sendo conforme coa Lei 3 /2012 do 2 de abril, do Deporte de Galicia, e co Decreto 85/2014 do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e demais normativa aplicable é polo que:

### RESOLVO:

Anotar no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia as modificacións seguintes:

**MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS. Aprobación dos Estatutos para a súa adaptación á lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia en asemblea xeral extraordinaria do 31 de xullo de 2017.**

De acordo co artigo 54.7 da lei 3/2012 de 2 de abril os estatutos das federacións deportivas e as súas modificacións publicaranse no DOG, previa aprobación de estos pola administración autonómica no prazo máximo de tres meses dende a súa presentación no rexistro.

Contra esta Resolución poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes a contar desde a data de notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza del Galicia no prazo de dous meses a contar desde a data de notificación da presente resolución.”

Santiago de Compostela, a 17 de abril de 2017

—  
O xefe de sección

Joaquín Vila Sampayo

SR. PRESIDENTE DE FEDERACIÓN GALEGA DE BADMINTON



**EXPEDIENTE:** PR946B 2017/000015-0

**SOLICITANTE:** FEDERACIÓN GALEGA DE BADMINTON

**Nº REGISTRO:** F-00433

## RESOLUCIÓN

Á vista da solicitude e documentación presentada, e sendo conforme coa Lei 3 /2012 do 2 de abril, do Deporte de Galicia, e co Decreto 85/2014 do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e demais normativa aplicable é polo que:

### RESOLVO:

Anotar no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia as modificacións seguintes:

**MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS. Aprobación dos Estatutos para a súa adaptación á lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia en assemblea xeral extraordinaria de 31 de xullo de 2015.**

De acordo co artigo 54.7 da lei 3/2012 de 2 de abril os estatutos das federacións deportivas e as súas modificacións publicaranse no DOG, previa aprobación de estos pola administración autonómica no prazo máximo de tres meses dende a súa presentación no rexistro.

Contra esta Resolución poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes a contar desde a data de notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza del Galicia no prazo de dous meses a contar desde a data de notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela, a 17 de abril de 2017

### A SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE

  
Marta Míguez Teije



SR. PRESIDENTE DE FEDERACIÓN GALEGA DE BADMINTON

DILIXENCIA para facer constar que os presentes Estatutos da entidade ..... FEDERACIÓN GALEGA DE BADMINTON ..... foron ratificados e inscritos co núm. ... F.00433 ..... no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG 13-04-2012).

Santiago, a 17 de abril de 2017  
O/A FUNCIONARIO/A



# ESTATUTOS

da

## FEDERACIÓN GALEGA DE BADMINTON

Federación Galega de Bádminton  
Rúa Luis Ksado,17 Oficina 12, cp: 36209, Vigo  
[www.federaciongallegadebadminton.com](http://www.federaciongallegadebadminton.com)

# ESTATUTOS

## TÍTULO I Disposicións xerais Capítulo I

### Denominación, natureza xurídica, obxecto social e domicilio



#### Artigo 1º

A Federación Galega de Bádminton (no sucesivo Fegabad) é unha entidade privada, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, cun ámbito territorial que comprende a Comunidade Autónoma de Galicia, para cumprimento dos fins que lle son propios. Está integrada polas entidades deportivas, deportistas, técnicos-adestradores, xuíces-árbitros e outros colectivos dedicados á práctica do deporte do bádminton.

A Fegabad, ademais das súas propias competencias, exerce por delegación funcións públicas de carácter administrativo e actúa como axente colaborador da Administración pública.

#### Artigo 2º

A Fegabad organízase orgánica e funcionalmente de forma democrática e representativa, con personalidade xurídica e patrimonio propio e independente do dos seus asociados, e plena capacidade de obrar, coas limitacións sinaladas pola lei e disposicións vixentes, e pode adquirir, para os seus propios fins, bens de tódalas clases, mobles e inmobles, contratar e obrigarse para o cumprimento do seu obxectivo social e está suxeita ás súas propias responsabilidades.

A Fegabad atópase integrada na Federación Española de Bádminton, e ostenta de maneira exclusiva a representación desta dentro da Comunidade de Galicia no referente ó deporte que constitúe o seu obxecto social, conservando en tal integración a súa personalidade xurídica, o seu patrimonio e diferenciado, o seu orzamento e o seu réxime xurídico particular. Dada a súa integración na Federación Española, está considerada como entidade de utilidade pública.

#### Artigo 3º

A Fegabad non admite ningún tipo de discriminación por ela ou polos seus membros, por razón de nacemento, raza, sexo, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

#### Artigo 4º

A Fegabad ten como obxecto social promocionar, dirixir e ordenar con carácter exclusivo dentro de Galicia, sen prexuízo das competencias concorrentes das distintas administracións públicas, as actividades propias da súa especialidade deportiva, en coordinación cos organismos correspondentes da Xunta de Galicia, e rexerese polo disposto na Lei 3/2012 do 2 de abril, do deporte de Galicia, e non que non se opoña é de aplicación o disposto no Decreto 228/1994, do 14 de xullo, regulador das federacións deportivas galegas, a orde do 28 de xullo de 1995 pola que se desenvolve o decreto anterior, polos presentes estatutos e os seus regulamentos, polos da Federación Española de Bádminton, no que lle sexan aplicables, e polas disposicións que dicte a Xunta de Galicia e, supletoriamente, a Administración do Estado.

A Fegabad é a única entidade competente dentro da Comunidade Autónoma de Galicia para promocionar, regulamentar, organizar, xestionar e controla-las competicións oficiais do deporte do bádminton, e son as súas principais modalidades as integradas nos estatutos e regulamentos da Fegabad.

#### Artigo 5º

A Fegabad, dentro da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, ademais das súas funcións propias de promoción, goberno, administración, xestión e organización do deporte que

## FEDERACIÓN GALEGA DE BADMINTON

---

constitúe o seu obxecto social exercerá, baixo a coordinación e tutela da Administración deportiva autonómica, as seguintes funcións públicas de carácter administrativo.

1. A Federación Galega de Bádminton exercerá as funcións que lles atribúan os seus estatutos, así como aquelas de carácter público que se delegan na lei do deporte de Galicia 3/2012 do 2 de abril.

2. A Federación Galega de Bádminton exercerá como funcións propias as seguintes:

- a) A convocatoria das seleccións deportivas da súa modalidade deportiva e a designación dos deportistas que as integren.
- b) Colaborar coas administracións públicas e coa federación española correspondente, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción das súas respectivas modalidades.
- c) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.
- d) De ser o caso, e conforme a normativa que sexa aplicable, colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.
- f) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na formación de adestradores, xuíces e árbitros segundo a normativa que sexa aplicable.

3. Os actos adoptados pola Federación Galega de Bádminton no exercicio das funcións públicas de carácter administrativo son susceptibles de recurso administrativo ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

4. Son funcións públicas delegadas, e exerceranse en réxime de exclusividade pola Federación Galega de Bádminton, as seguintes:

- a) Representar a Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas da súa modalidade, consonte a normativa que lle sexa aplicable.
- b) Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.
- c) Expedir licenzas deportivas para a práctica da súa modalidade deportiva nos termos establecidos na lei do deporte de Galicia 3/2012 do 2 de abril.
- d) Asignar as subvencións e as axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.
- e) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.
- f) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos na lei do deporte de Galicia 3/2012 do 2 de abril e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos seus respectivos estatutos e regulamentos.
- g) Executar, de ser o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- h) Colaborar coas administracións públicas competentes na prevención, no control e na represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. Para estes efectos, e entre outras accións, a Federación Galega de Bádminton instruirá e resolverá os expedientes sancionadores que no ámbito da dopaxe se substancien, consonte o establecido no título VIII na lei do deporte de Galicia 3/2012 do 2 de abril.
- i) Calquera outra que regulamentariamente se determine.

5. As funcións públicas delegadas serán exercidas pola Federación Galega de Bádminton baixo a tutela da Administración deportiva, que, conforme se determine regulamentariamente,

procederá á súa asunción nos casos de extinción da federación ou cando esta se atope en situación concursal.

A Federación Galega de Bádminton exercerá as funcións públicas delegadas de forma directa, sen que poidan ser obxecto de delegación ou exercicio por ningunha substitución, sen autorización da Administración deportiva.

Os actos realizados pola Fegabad no exercicio das funcións públicas de carácter administrativo son susceptibles de recurso ante a Administración deportiva autonómica.

#### **Artigo 6º**

O domicilio social da Fegabad establécese na cidade de Vigo, rúa Luis Ksado 17.

A comisión delegada, por maioría dos seus membros e cando as circunstancias o aconsellen, poderá acorda-lo cambio do domicilio social dentro da mesma cidade. Para o traslado do domicilio a outra cidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario o acordo maioritario da asemblea xeral. En ámbolos casos, o traslado do domicilio social deberalles ser notificado ós afiliados e á Administración deportiva autonómica.

Por acordo da asemblea xeral, e para efectos puramente de organización interna, poderanse establecer delegacións da Fegabad nas localidades de Galicia que decida a citada asemblea.

### **Capítulo II**

#### **Requisitos para ser membro da federación. Dereitos e deberes.**



#### **Artigo 7º**

Os clubs e seccións deportivas poderán integrarse, por petición propia, na Fegabad sempre que teñan o seu domicilio social e desempeñen a súa actividade en Galicia e se atopen constituídos conforme os requisitos esixidos para cada modalidade pola lexislación vixente e inscritos na Fegaxa e se inscriban no Rexistro de Clubs, Federacións e Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia, debendo comprometerse a cumprí-los estatutos e regulamentos da Fegabad e someterse á autoridade dos órganos federativos, en relación coas materias da súa competencia.

Os mesmos criterios e requisitos, no que sexa de aplicación, rexerán para a integración na Fegabad das seccións deportivas, dos deportistas, técnicos, adestradores, xuíces e árbitros.

#### **Artigo 8º**

A integración da Fegabad levará consigo a integración automática e para tódolos efectos na federación española da mesma especialidade deportiva.

#### **Artigo 9º**

A integración na Fegabad producirase mediante expedición por parte desta da correspondente licenza federativa ou documento de afiliación ou inscrición. A dita expedición será acordada pola xunta directiva da federación galega, cumpridos os requisitos documentais necesarios e aboadas as cuotas aprobadas en asemblea. Contra a denegación, que deberá ser motivada, caberá recurso ante a asemblea xeral.

En todo caso, para a participación en actividades ou competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico será preciso estar en posesión da licenza ou documento de afiliación expedido pola Fegabad.

As licenzas poderán ser de ámbito autonómico ou homologadas pola Federación Española que facultaría o titular para participar nas competicións da mesma.

#### **Artigo 10º**

Tódolos membros da Fegabad teñen dereito a recibi-la tutela dela con respecto ós seus intereses deportivos comúns e individuais, así como o de paticipar nas súas actividades e no

funcionamento dos seus órganos, de acordo cos presentes estatutos e cos regulamentos internos daquela. Os membros da Fegabad teñen, a súa vez, o deber de acata-los acordos dos seus órganos, sen que iso obste ó seu dereito de recorrer, ante as instancias federativas competentes, e se é o caso, ante os tribunais de xustiza ou a Administración deportiva autonómica, segundo proceda, contra aqueles que consideren contrarios a dereito, e sen prexuízo de acudir á conciliación extraxudicial ou arbitraje nos termos previstos nas leis.

#### **Artigo 11º**

As entidades deportivas, os deportistas, os técnicos-adestradores e os xuíces-árbitros, sen prexuízo da súa pertenza e afiliación directa na Fegabad, poderán agruparse en asociacións deportivas, con ou sen personalidade xurídica propia, que á súa vez estarán integradas necesariamente na Fegabad.

A condición de federado pode perderse polas seguintes causas:

- a) Por disolución ou baixa no rexistro deportivo da Xunta, da entidade deportiva.
- b) Renuncia voluntaria.
- c) Por sanción disciplinaria imposta en forma regulamentaria que implique a baixa.

### **Capítulo III Estructura Territorial**

#### **Artigo 12º**

A Fegabad estruturarase territorialmente en delegacións, cando así o decida a asemblea.

Cada delegación quedará integrada polos clubs, deportistas, adestradores e xuíces-árbitros que correspondan dentro dun ámbito geográfico común, utilizándose preferentemente o establecido nas leis galegas.

#### **Artigo 13º**

As delegacións axustarán a súa actividade ás normas dictadas pola Fegabad a través dos seus órganos que correspondan e, sinaladamente, do seu presidente.

#### **Artigo 14º**

Os titulares das delegacións serán nomeados e separados do corpo polo presidente da Fegabad, de acordo co artigo 34 dos presentes estatutos.

A composición do equipo directivo da delegación e a competencia del será de libre facultade do titular da delegación, o cal lle dará conta ó presidente da Fegabad.

## **TITULO II Dos órganos de goberno e representación. Capítulo I Normas xerais**

#### **Artigo 15º**

Son órganos de goberno e representación da Fegabad a asemblea xeral e o presidente.  
No seo da asemblea xeral deberá constituirse unha comisión delegada de asistencia a ela.

#### **Artigo 16º**

1. Serán órganos electivos da Fegabad o presidente, a asemblea xeral e a comisión delegada no ámbito das súas respectivas competencias.

Os membros dos demais órganos e comités serán designados e apartados libremente polo presidente coas excepcións previstas nos presentes estatutos.



2. O nomeamento ou a separación dos membros dos órganos de goberno e representación, dos órganos complementarios, e dos comités que puidesen crearse dentro da Fegabad, deberán ser comunicados a tódolos membros da asemblea xeral e á Administración deportiva autonómica nun prazo máximo de 15 días a partir da data do nomeamento.
3. Os órganos de goberno e representación da Fegabad reuniranse na forma e nos termos establecidos nestes estatutos; os seus acordos, salvo disposición expresa que dispoña o contrario, adoptaranse por maioría simple; no caso de empate, o presidente terá voto de calidade. Os acordos poderán ser impugnados de conformidade co disposto na lexislación aplicable e nos presentes estatutos.
4. A responsabilidade dos membros dos órganos da Fegabad no exercicio das súas funcións será esixida no ámbito disciplinario de conformidade co disposto no Real decreto 1591/1992, do 23 de decembro, na Lei 3/2012 do deporte de Galicia e nos ámbitos administrativo, civil e penal de acordo coa lexislación xeral de aplicación.
5. Son requisitos xerais para ser membro de calquera órgano da Fegabad, sen prexuízo do establecido regulamentariamente, os seguintes:
  - a) Te-la condición de cidadán de Galicia, segundo do disposto no artigo 3 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.
  - b) Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
  - c) Non estar suxeito a corrección disciplinaria de carácter deportivo que o inhabilite.
  - d) Non ter sido condenado mediante sentenza penal firme que leve anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.
  - e) Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade establecida legalmente ou nos presentes estatutos.
  - f) Reuni-los requisitos específicos propios de cada estamento deportivo.



**Capítulo II**  
**Da asemblea xeral**  
**Sección I**

**Natureza, composición, nomeamento e cesamento**

**Artigo 17º**

A asemblea xeral é órgano superior de goberno e representación da Fegabad.

Os acordos levaráanse polo secretario a unha acta. Esta ata publicarase na páxina web, no taboleiro de anuncios da federación e; será remitida a Xunta de Galicia antes dos quince dende a celebración.

Os acordos poderán impugnarse ante o órgano disciplinario correspondente da Xunta de Galicia, nun prazo de un mes dende a súa adopción.

**Artigo 18º**

A asemblea xeral estará constituída polo presidente da federación e polos representantes dos clubs deportivos, dos deportistas, dos técnicos-adestradores e dos xuíces-árbitros.

As entidades deportivas non poderán ser membros da asemblea xeral se no momento de convocatoria de eleccións non figuran inscritas cunha antigüidade de dous anos, polo menos, no rexistro da Fegabad, e se inscriban no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

Os compoñentes da xunta directiva, por este só carácter, poderán asistir ás reunións da asemblea, con dereito a voz pero sen voto.



### Artigo 19º

A asemblea xeral está composta polo número de membros resultantes, en cada un dos estamentos, segundo as seguintes porcentaxes:

- Representantes de Clubs: entre ó 60% e ó 75%.
- Representantes de Deportistas: entre ó 20% e ó 30%.
- Representantes de Xuíces-Árbitros: entre ó 5% e ó 10%.
- Representantes de Adestradores-Técnicos: entre ó 5% e ó 10%.

### Artigo 20º

O regulamento electoral deberá indicar expresamente o porcentaxe de membros da asemblea xeral e o de cada un dos estamentos.

O procedemento de elección da asemblea xeral e da presidencia, así como a designación da xunta electoral, desenvolverase nun regulamento electoral.

### Artigo 21º

Os membros da asemblea xeral e da comisión delegada cesarán polas seguintes causas:

- Por defunción.
- Disolución da entidade á que representan ou baixa na Fegabad.
- Expiración do mandato para o que foron elixidos.
- Renuncia voluntaria ou demisión.
- Por moción de censura, de igual forma que para cesamento da presidencia.
- Estar incursos en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade legal ou estatutaria.
- Sanción disciplinaria imposta en forma regulamentaria que implique o cesamento no cargo que exercen.

### Artigo 22º

As vacantes que se produzan na asemblea xeral antes das seguintes eleccións xerais a ela serán cubertas, dentro de cada estamento e de maneira sucesiva, polos candidatos que no proceso electoral obtivesen maior número de votos despois dos que resultaron electos e, a falta destes, mediante a realización de eleccións parciais sempre que, neste último caso, as vacantes superen o 20% dos membros da asemblea.

Os elixidos para ocuparen as vacantes a que se refire o apartado anterior exercerán o seu mandato polo tempo que falte para a celebración das seguintes eleccións xerais.

## Sección II

### Réxime de funcionamento

#### 1. Competencias.



### Artigo 23º

A asemblea xeral, como órgano máximo de goberno e representación da Fegabad, pode adoptar calquera acordo ou decisión sobre ela, con sometemento ás regras de competencia e procedemento. Especialmente, son competencias da asemblea xeral as seguintes:

- A aprobación dos estatutos da Fegabad.
- A elección mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto do presidente e da comisión delegada da Fegabad, así como dispoñe-lo cesamento deles e a moción de censura ó presidente.
- Aprobación e liquidación do orzamento anual da Fegabad.
- Aprobación do programa ou calendario deportivo anual que vai desenvolver-la Fegabad e das bases ou regulamentos que rexerán a competición.
- Aprobación da creación de órganos territoriais da Fegabad.

6. Aprobación do Regulamento de eleccións á asemblea xeral, a presidente e á comisión delegada da Fegabad.
7. Aprobación do regulamento sobre conciliación extraxudicial ou arbitraje.
8. Aprobación do regulamento de disciplina deportiva.
9. Calquera outra competencia da Fegabad que non lle estea expresamente atribuída polos presentes estatutos a outro órgano.

## 2. Convocatoria

### Artigo 24º


A asemblea xeral será convocada polo presidente da Fegabad cun mínimo de 10 días naturais de antelación á data da súa celebración, no taboleiro de anuncios da Fegabad, e deberá incluír necesariamente os puntos do orden do día que se van tratar, ademais da notificación persoal a cada un dos membros ó domicilio que deberá constar na federación 30 días antes da convocatoria; a notificación remitirase por calquera medio que permita ter constancia da recepción que terá lugar cunha antelación mínima de corenta e oito horas á hora da reunión. Os defectos formais na convocatoria non darán lugar á nulidade sempre e cando os membros dela recibisen a convocatoria coa orde do día no prazo establecido e, en todo caso, a asemblea será válida, sen necesidade de ningún outro requisito, sempre que concorran a totalidade dos membros dela.

A orde do día será notificada no sentido de incorporar novos puntos por petición fundada dun quinto dos membros da asemblea xeral e sempre que esta incorporación se solicite cunha marxe de tempo suficiente para que lles poida ser notificada a tódolos membros da asemblea xeral mediante a notificación e a publicación no taboleiro de anuncios da Fegabad cunha antelación mínima de 3 días á data da celebración.

### Artigo 25º

O presidente da Fegabad deberá convocar unha asemblea xeral ordinaria anualmente dentro dos tres primeiros meses do ano, para trata-los asuntos propios da xestión ordinaria e, como mínimo, para a aprobación da memoria anual de actividades, a aprobación da liquidación do orzamento anterior, aprobación do calendario deportivo e das regras que rexerán a competición e o exame e consideración das propostas que formulen os membros da asemblea xeral, da comisión delegada, da xunta directiva e o presidente. Tódalas demais asembleas terán carácter extraordinario e serán convocadas polo presidente da Fegabad sempre que o coide oportuno, ou por petición dun número de membros que integran a asemblea xeral non inferior ó 25%. Neste caso, os solicitantes deberán formular unha petición por escrito dirixida ó presidente da Fegabad na que indiquen os puntos que comporarán a orde do día. O presidente, no prazo máximo de 10 días naturais desde a entrada da petición no rexistro da Fegabad, deberá convoca-la asemblea xeral con carácter extraordinario, cos requisitos sinalados nestes estatutos, e coa orde do día solicitada, sen incluír ningún outro punto, que se celebrará nun prazo non superior a 20 días naturais desde a convocatoria. No caso de negativa expresa do presidente a efectua-la convocatoria, ou pasados 10 días desde que a solicitude fose efectuada sen ser respondida, os solicitantes poderán facer uso dos dereitos que a lexislación vixente establece, co fin de que a Administración deportiva autonómica convoque os órganos colexiados de goberno, garantindo así o cumprimento efectivo das funcións encomendadas ás federacións.

Cando o presidente da Fegabad aprecie a existencia dunha situación urxente que non permita demora na convocatoria da asemblea extraordinaria, poderá convocala sen suxeición a prazo nin requisito de forma ningún agás a citación persoal dos assembleístas que poidan ser localizados nos domicilios que consten na Fegabad. En todo caso, a asemblea requirirá como mínimo a presenza de 2/3 dos seus membros e antes de analiza-la orde do día pronunciarse previamente, por maioría de asistentes, sobre a urxencia da convocatoria e a necesidade ou non da súa celebración. A asemblea xeral convocada desta forma non poderá modifica-los estatutos.



### 3. Constitución

#### Artigo 26º

A asemblea xeral quedará válidamente constituída en primeira convocatoria cando a ela concorran a maioría dos seus membros.

En segunda convocatoria será válida sexa cal sexa o número de asistentes. Deberá mediar un mínimo de media hora entre a primeira e a segunda convocatorias.

### 4. Adopción de acordos

#### Artigo 27º

Non será admisible de ningún xeito para a formación da vontade dos órganos colexiados da Fegabad nin para o establecemento do seu quórum o voto por correo nin a delegación de voto; é, por tanto, necesaria a presenza física dos seus membros. Exceptúanse as eleccións dos membros da asemblea xeral, se así se aprobase no regulamento electoral.

Con carácter excepcional, os clubs e seccións deportivas poderán ser representados de conformidade cos seus propios estatutos, pero o representante non poderá ser membro da asemblea xeral. Ninguén poderá ostentar na asemblea xeral máis dunha delegación de voto.

#### Artículo 28º

As votacións no seo da asemblea xeral realizaranse na forma e pola orde que a presidencia estableza; é esta a que ten que decidir se teñen que ser ordinarias, nominais ou secretas; se polo menos o 25% dos asistentes solicita unha modalidade determinada, a forma de votación decidirse por maioría simple dos membros da asemblea xeral.

#### Artigo 29º

A asemblea xeral será presidida polo presidente da Fegabad, e o seu voto será de calidade no caso de empate. Os acordos adoptaranse por maioría simple de asistentes.

Para os efectos de cómputo de quorums e maiorías, cando estes se conformen cun número inexacto de assembleístas, computaranse sempre por exceso e con referencia ó número daqueles efectivamente existentes como membros da asemblea, descontadas as vacantes.

#### Artigo 30º

De tódolos acordos adoptados na asemblea xeral e na comisión delegada, levantará acta o secretario delas, especificando o nome das persoas que intervisen e as demais circunstancias que se consideren oportunas, o contido dos acordos adoptados, o resultado da votación e, se é o caso, os votos particulares contrarios ó acordo adoptado.

Os votos contrarios ó acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirán ós que os emitan de calquera responsabilidade derivada de tales acordos.

Os acordos adoptados pola federación e ás súas impugnacións serán publicados na páxina web da Federación Galega de Bádminton.

#### Artigo 31º

Os acordos da asemblea xeral e da comisión delegada serán vinculantes e de obrigatorio cumprimento para a totalidade dos órganos, persoas e entidades que integran a Fegabad e terán forza executiva a partir da data da súa adopción.



*(Handwritten signatures in blue ink)*

**Artigo 32º**

A asemblea xeral non poderá adoptar ningún acordo ou realizar ningún acto que poida comprometer de forma irreversible o seu patrimonio ou a actividade que constitúe o obxecto propio da Fegabad.

No caso de dúbida ou por petición dun 5% dos membros de dereito da asemblea, será requisito imprescindible a emisión dun informe favorable por parte dos organismos competentes da Xunta de Galicia.

**Capítulo III**  
**Da comisión delegada**  
**Natureza, constitución, composición e funcionamento**



**Artigo 33º**

1. No seo da asemblea xeral deberá constituirse unha comisión delegada que terá carácter electivo e será un órgano de goberno e representación da Fegabad.
2. A comisión delegada será elixida pola asemblea xeral na primeira reunión que esta celebre despois da súa constitución mediante sufraxio entre os membros dela. O seu mandato coincidirá co da asemblea xeral.
3. O número de membros da comisión delegada non será inferior a cinco nin superior a quince, debendo estar representados tódolos estamentos, respectándose a proporcionalidade da asemblea xeral.
4. O presidente da Fegabad convocará á comisión delegada, que se reunirá, como mínimo, cada 4 meses para os fins da súa competencia e polo menos para realiza-lo seguimento da xestión deportiva e económica da Fegabad.
5. Correspóndelle á comisión delegada da asemblea xeral:
  - a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos.
  - b) A modificación do calendario deportivo.
  - c) A modificación dos orzamentos e dos regulamentos.
  - d) O seguimento da xestión deportiva e económica da Fegabad.

As modificacións no poderán exceder dos límites e criterios que a propia asemblea xeral estableza.

A proposta sobre os temas que se van tratar na comisión delegada correspóndelle ó presidente ou a dous tercios da comisión delegada.

**Capítulo IV**  
**Do presidente**

**Artigo 34º**

O presidente da Fegabad é o órgano de goberno e representación que exerce a súa representación legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación e executa os acordos deles. O presidente poderá nomear delegados nas localidades aprobadas pola asemblea xeral, que actuarán seguindo as instrucións daquel e por delegación nas funcións que se lle encomenden. Os ditos delegados poderán ser apartados ou substituídos polo presidente segundo o seu criterio.

**Artigo 35º**

A duración do cargo de presidente será de 4 anos.

No caso de que, excepcionalmente, quede vacante a presidencia antes de que transcorra o prazo para o que foi elixido, considerarase demisionaria toda a xunta directiva, e constituirase a

comisión delegada en comisión xestora, presidida polo membro de maior idade. Convocará a asemblea xeral, e esta acordará unha nova elección do presidente para cubri-la vacante polo tempo que falte ata o remate do prazo correspondente ó mandato ordinario. Se a vacante se produce por prosperar unha moción de censura, haberá que a terse ó disposto no artigo 38 destes estatutos.

#### Artigo 36º

O desempeño do cargo de presidente será causa de incompatibilidade coas seguintes actividades:

- a) Ocupación de cargos directivos noutras entidades relacionadas ou que teñan algún tipo de relación económica ou deportiva coa federación; Desenvolvemento de actividades ou desempeño de cargos en asociacións deportivas, clubs ou seccións deportivas integradas na Fegabad.
- b) A persoa que resulte elixida como presidente da Fegabad deberá cesar en todo tipo de actividades directivas no deporte específico e no ámbito territorial da Fegabad; exceptuándose a federación española.
- c) Non existirá incompatibilidade, en ningún caso, coa práctica activa do deporte.

#### Artigo 37º

O presidente cesará por:

- a) Transcurso do prazo polo que foi elixido.
- b) Demisión
- c) Incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Aprobación dunha moción de censura pola asemblea xeral.
- e) Por incorrer en causa de inelexibilidade ou incompatibilidade. Neste último caso, disporá do prazo dun mes para cesar no posto que resulte incompatible co de presidente.



#### Artigo 38º

A moción de censura ó presidente poderá ser presentada polos membros da asemblea xeral que constitúan polo menos un 25% dela mediante escrito motivado e asinado individualmente por cada un dos proponentes, no que se acredite suficientemente a lexitimación dos que a promoven, presentando o dito escrito no rexistro da Fegabad. Na mencionada petición deberán solicitar do presidente a convocatoria dunha asemblea xeral extraordinaria coa dita moción como único punto da orde do día, así como propor un candidato alternativo á presidencia. Para poder prospera-la moción de censura, deberá ser apoiada pola maioría absoluta dos membros de pleno dereito que integran a asemblea xeral.

Para a convocatoria da asemblea xeral extraordinaria a que se refire este artigo, haberá que a terse ó disposto no artigo 24º destes estatutos. A sesión da asemblea xeral na que se debata a moción de censura estará presidida polo membro de maior idade dos presentes que non estea suxeito a moción nin elevase ningunha. Non será válido o voto por correo nin a asistencia por representación. Se a moción de censura non prosperase, non podería presentarse unha nova moción ata transcorrido un ano desde a última presentada.

#### Artigo 39º.- Réxime de responsabilidade do presidente e membros da xunta directiva.

1. O presidente, membros da xunta directiva ou dos órganos de dirección que puidesen estatutariamente establecerse serán persoalmente responsables, fronte a propia federación, fronte os seus membros ou terceiros:

- a) Das obrigas que contraese a federación e que non teñan, ou tivesen, o adecuado apoio contable, non figuren nas contas presentadas e aprobadas, ou sexan obxecto

- dunha contabilización que non reflecta a natureza e o alcance da obriga en cuestión, e que distorsione a imaxe fiel que debe producir aquela.
- b) Das obrigas que contraese contra a prohibición expresa doutros órganos federativos competentes ou da Administración autonómica, así como das obrigas que impliquen un déficit non autorizado ou fóra dos límites da autorización.
  - c) En xeral, dos actos ou omisións que supoñan un prexuízo para á federación cando sexan realizados vulnerando normas de obrigado cumprimento.
2. A responsabilidade descrita na línea anterior poderase esixir no caso de existencia de dolo ou culpa na actuación dos suxeitos responsables. En todo caso, quedarán exentos de responsabilidade aqueles que votasen en contra do acordo ou non interviñesen na súa adopción ou execución, ou aqueles que o descoñecesen ou, coñecéndoo, se opuxesen expresamente a aquel.
3. A responsabilidade regulada no presente artigo é independente da responsabilidade disciplinaria na que se puidese incorrer, e que se esixirá conforme ás disposicións xerais da lei 3/2012.

### TITULO III

#### Órganos complementarios dos de goberno e representación

##### Artigo 40º

Són órganos complementarios dos de goberno e representación da Fegabad, para asistir ó presidente:

- a) A xunta directiva.
- b) O secretario.
- c) O tesoureiro.



##### Artigo 41º

1. A xunta directiva é o órgano colexiado de xestión da Fegabad. Os seus membros serán designados e separados libremente polo presidente.

Estará composto polo número de membros que determine o seu presidente, que non poderá ser inferior a 5 nin superior a 15.

O presidente elixirá entre os membros da xunta directiva alomenos un vicepresidente, que o será tamén da Fegabad, quen substituirá ó presidente por delegación, imposibilidade física ou ausencia temporal; un secretario que, á súa vez, o será da Fegabad, así como o tesoureiro. Tales cargos, por estaran baseados na confianza, poderán ser removidos polo presidente cando o considere conveniente.

Os membros da xunta directiva que non o sexan da asemblea xeral terán acceso ás sesións dela, con dereito a voz pero sin voto.

A xunta directiva poderá constituirse, por motivos de urxencia e coas mesmas facultades desta, en comisión permanente; a súa convocatoria, composición e número de membros, que non será inferior a cinco, será decidida, para cada caso, polo presidente da Fegabad.

A convocatoria da reunión da xunta directiva correspóndelle ó presidente, e poderá facelo en tantas ocasións como considere oportuno, determinando os asuntos da orde do día de cada sesión. O prazo mínimo de convocatoria será de 48 horas.

Os cargos non serán remunerados e, no caso de establecerse unha compensación económica a favor dalgún dos membros da xunta directiva, deberá ser expresamente acordada pola maioría absoluta da asemblea xeral e constar de maneira diferenciada no orzamento. En ningún caso a compensación económica poderá ser satisfeita con cargo as subvencións públicas que reciba a Fegabad.

2. O presidente da Fegabad nomeará un secretario, o cal exercerá as funcións de fedatario e asesor, e máis especificamente:
  - a) Redactar e custodiar as actas das sesións dos órganos de goberno e representación da Fegabad, con indicación dos asistentes, temas tratados, o resultado das votacións e, se é o caso, os votos particulares contrarios ó acordo adoptado. Custodiar os arquivos da federación.
  - b) Expedir as certificacións oportunas das actas dos órganos de goberno e representación.
  - c) Remitirle á Administración deportiva autonómica as actas das reunións da asemblea xeral e da comisión delegada no prazo de 15 días desde a data da súa celebración, así como as convocatorias delas.
  - d) Cantas funcións lle encomenden os estatutos e regulamentos da Fegabad, ou lle sexan delegadas polo presidente.
  - e) O control e a fiscalización interna da xestión económico- financeira e orzamentaria, así como a de contabilidade e tesouraría, no caso de non existir a figura do tesoureiro.
3. O tesoureiro da Fegabad é o órgano de administración dela. Exercerá como funcións propias:
  - a) Leva-la contabilidade da Fegabad.
  - b) Exerce-la inspección económica de tódolos órganos da Fegabad.
  - c) Elaborar e presentar informes a comisión delegada do estado contable da Fegabad.
  - d) Calquera outra función que lle encomenden os estatutos e regulamentos Fegabad.

#### Artigo 42º

Os membros da xunta directiva cesarán polas seguintes causas:

- a) Vacancia da presidencia, sen prexuízo da súa conversión en comisión xestora nos casos previstos nestes estatutos.
- b) Demisión.
- c) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Por incorrer en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade.
- e) Separados directamente polo presidente co cumprimento das comunicacións a que se refiren os presentes estatutos.

#### Artigo 43º

A xunta directiva, como órgano colaborador do presidente, non terá competencias propias e exercerá, por delegación, as que lle encomende o presidente, que poderá avocar e revogar en calquera momento.

#### Artigo 44º

Os asuntos ordinarios de trámite serán despachados polo presidente e o secretario.

### TITULO IV

#### Dos órganos técnicos e asesores

#### Capítulo I

#### Comisións en xeral



#### Artigo 45º

A Fegabad poderá crear, logo de aprobación pola asemblea xeral, cantas comisións técnicas precise, ademais das seguintes:

- a) Os comités de disciplina deportiva: comité de competición ou xuíz único e comité de apelación.
- b) Comité de xuíces-árbitros.
- c) Comité de adestradores.
- d) Comité de torneos.
- e) Comisión do Circuito Galego de Bádminton.

Tódalas comisións se rexerán polos seus respectivos regulamentos internos e, se é o caso, pola normativa nacional unificada emanada da federación española da mesma especialidade, pola lexislación aplicable e polo disposto nos presentes estatutos.

## **Capítulo II** **Comité de xuíces-árbitros**

### **Artigo 46º**

No seo da Fegabad constituirase, de maneira obrigatoria, un comité de xuíces ou árbitros, o presidente do cal será designado polo presidente da Fegabad.

Serán funcións deste comité:

- a) Establece-los niveis de formación arbitral.
- b) Clasificar técnicamente os xuíces árbitros ou árbitros, propóndolle á xunta directiva a adscrición ás categorías correspondentes. Estas clasificacións comunicaránselle á asemblea xeral.
- c) Propo-los candidatos a xuíces árbitros ou árbitros nacionais.
- d) Proporlle á xunta directiva as normas administrativas que regulan a arbitrase, para a súa posterior aprobación pola asemblea xeral.
- e) Designa-los colexiados nas competicións oficiais de ámbito galego.
- f) Colaborar cos órganos competentes da Fegabad.



## **Capítulo III** **Comité de adestradores**

### **Artigo 47º**

O comité de adestradores da Fegabad é un órgano técnico que ten por obxecto a formación, capacitación, actualización e dirección dos adestradores de bádminton.

Serán funcións deste comité:

- a) A colaboración coa Administración pública competente na formación de técnicos deportivos.
- b) O estudo e a actualización das diferentes técnicas e sistemas de ensino e adestramento, profesores e adestradores.
- c) A organización de cursos e xornadas que redunden no perfeccionamento e actualización permanente dos técnicos deportivos.
- d) Manter contactos e relacións con outras entidades de carácter nacional e internacional para intercambio de coñecementos e información.
- e) Censar e reunir a tódolos técnicos titulados, velando polo seu prestixio profesional.
- f) A divulgación da teoría e práctica do bádminton e cantos outros coñecementos contribúan o desenvolvemento deste deporte.
- g) Todas aquelas que lle encarge a Fegabad de acordo coa súa natureza.



Tódolos presidentes dos comités serán nomeados polo presidente da federación. O secretario da federación intervirá como secretario de tódolos comités sen voz e sen voto, agás que fose membro deles.

Estes comités poderán adopta-la estrutura territorial da Fegabad.

#### **Capítulo IV Comité de torneos**

##### **Artigo 48º**

No seo da Fegabad constituirase, un comité de de torneos que será o encargado de velar polo desenvolvemento das competicións, o presidente ou director do cal será designado polo presidente da Fegabad.

Serán funcións deste comité:

- a) Establece-lo canledario de competicións da Fegabad.
- b) Proporlle á xunta directiva os regulamentos das competicións, para a súa posterior aprobación pola asemblea xeral.
- c) Proporlle o Comité de xuíces-árbitros os colexiados nas competicións oficiais de ámbito galego.
- d) Colaborar cos órganos competentes da Fegabad.

#### **TITULO V Réxime electoral Capítulo I Os censos**

##### **Artigo 49º**

Comporán os censos correspondentes a cada estamento electoral tódolos membros da Fegabad que reúnan os requisitos establecidos para cada estamento nos presentes estatutos e no regulamento electoral.

#### **Capítulo II Regulamento electoral**

##### **Artigo 50º**

Os procesos electorais desenvolveranse conforme o Regulamento electoral que deberá ser aprobado pola asemblea xeral, por proposta do presidente, e deberá regula-las seguintes cuestións:

1. Proporcionalidade de membros da asemblea xeral; circunscrición electoral e número de representantes que por cada circunscrición electoral corresponda a cada un dos estamentos.
2. Calendario electoral.
3. Censo electoral.
4. Composición, competencias e funcionamento da xunta electoral.
5. Requisitos para a presentación e proclamación dos candidatos. O termo para a presentación de candidatos a presidente e membros da asemblea xeral non poderá ser inferior a 10 días.
6. Procedemento de resolución de conflitos, impugnacións e reclamacións así como os recursos electorais.
7. Regulación do voto por correo nas eleccións á asemblea xeral. Non se admitirá esta clase de voto nas eleccións á comisión delegada e a presidente.
8. Composición, competencia, funcionamento e localización das mesas electorais.



9. Elección de presidente.
  10. Elección de comisión delegada.
  11. Designación da xunta electoral.
- O Regulamento electoral deberá ser ratificado pola Administración deportiva autonómica.

### **Capítulo III** **A comisión xestora.**

#### **Artigo 51º**

Acordada a convocatoria de eleccións pola asemblea xeral e aprobado o Regulamento electoral, o presidente procederá no prazo sinalado nel á convocatoria de eleccións á asemblea xeral. A partir dese momento, a xunta directiva e o presidente constituiranse en comisión xestora, e someterán o Regulamento electoral á ratificación pola Dirección Xeral para o Deporte.

A comisión xestora garantirá a máxima difusión e publicidade das convocatorias de eleccións á asemblea xeral e a presidente, así como do Regulamento electoral coas medidas previstas nas disposicións federativas a través dun medio que permita asegurarse a recepción da dita notificación. Deberá exporse o regulamento electoral en cada circunscrición electoral o mesmo día da convocatoria. A comisión xestora administrará a Fegabad e convocará e realizará novas eleccións no prazo máximo de tres meses no caso de que non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas.

### **Capítulo IV** **Circunscrición electoral**

#### **Artigo 52º**

A circunscrición electoral determinarase en función do número de membros de cada estamento e na forma que estableza o Regulamento electoral.



### **Capítulo V** **Xunta electoral**

#### **Artigo 53º**

1. A xunta electoral estará composta por tres membros titulares e tres suplentes que se elixirán na asemblea xeral entre persoas que non sexan candidatos por sorteo entre aqueles que presenten a súa candidatura. De non haber suficientes candidatos, o presidente da federación proporalle á asemblea os membros necesarios para completar a xunta electoral.
2. De entre os membros designados, o presidente será o de maior idade, e actuará como secretario o de menor idade. Poderá asistir á xunta electoral como secretario de actas un membro da federación con voz e sen voto, designado pola asemblea xeral.
3. Os membros da xunta electoral deberán ser maiores de 18 anos, ter o título de bacharelato superior ou equivalente, non ter relación conractual ou profesional coa Fegabad e non poderán figurar como candidatos á asemblea xeral nin á presidencia da Fegabad.
4. A xunta electoral controlará todo o proceso e terá competencia para coñecer e resolver as incidencias que se produzan sobre o censo electoral, presentación e proclamación de candidatos, proclamación de membros da asemblea xeral e comisión delegada e do presidente da Fegabad, así como a decisión de calquera outra cuestión que afecte directamente á celebración das eleccións e ós seus candidatos.

Unha vez finalizada a votación, levantará acta da votación e do recuento e remitirá a acta á Secretaria Xeral para o Deporte no prazo máximo de 3 días.

5. As decisións da xunta electoral son executivas e formaranse por maioría de votos. En casos de empate, o voto do presidente terá carácter dirimente.
6. Unha vez concluído o proceso electoral da asemblea xeral, do presidente da Fegabad e da comisión delegada, a xunta electoral disolverase.

## Capítulo VI Mesa electoral

### Artigo 54º

Para a elección dos distintos estamentos da asemblea xeral, constituirase unha ou varias mesas electorais na forma establecida, con tres membros titulares e tres suplentes elixidos por sorteo pola xunta electoral entres as persoas físicas que pertencen ó censo electoral correspondente a cada mesa. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade, respectivamente.

## Capítulo VII Recursos

### Artigo 55º

As reclamacións e impugnacións que se presenten contra calquera acto electoral dirixiranse á xunta electoral e contra o que esta resolva caberá recurso ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva. Así mesmo, caberá recurso ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva contra tódolos actos, acordos ou resolucións da xunta electoral ou calquera outro órgano ou membro da Fegabad en materia electoral.

## Capítulo VIII Elección da asemblea xeral

### Artigo 56º

1. Os membros da asemblea xeral serán elixidos cada catro anos coincidindo cos xogos olímpicos de inverno, mediante sufraxio libre, secreto, igual e directo entre e polos componentes dos distintos estamentos da Fegabad.
2. As eleccións á asemblea xeral serán acordadas por ela, que aprobará a convocatoria con tódolos requisitos que se establezan no Regulamento electoral que así mesmo se aprobe.
3. Acordada pola asemblea xeral a convocatoria de eleccións, o acordo será formalmente executado polo presidente da Fegabad, quen a asinará.
4. Desde a convocatoria para a celebración desta asemblea xeral, a xunta directiva e o presidente constituiranse en comisión xestora, de acordo co disposto no artigo 50º dos presentes estatutos.

### Artigo 57º

Para ser candidato a membro da asemblea xeral requírese o cumprimento dos requisitos establecidos con carácter xeral no artigo 16.5º destes estatutos.

Os requisitos esixidos para ser elector ou elixible deberán terse cumpridos no día en que se publique a convocatoria de eleccións.

### Artigo 58º

As eleccións á asemblea xeral realizaranse para cada un dos postos correspondentes ós estamentos integrantes dela de acordo co previsto nestes estatutos.



**Artigo 59º**

Os representantes das entidades deportivas na asemblea xeral serán elixidos por e entre os representantes dos correspondentes a cada circunscrición electoral dos que integran o censo de clubs deportivos inscritos no rexistro público da Fegabad e no Rexistro Entidades Deportivas da Xunta de Galicia, no momento da convocatoria das eleccións, e que estivesen igualmente inscritos durante a tempada deportiva anterior, sempre que participasen en competicións ou actividades de carácter oficial organizadas pola Fegabad ou pola Federación Española de Bádminton coa aprobación ou intervención daquela.

**Artigo 60º**

Os representantes dos deportistas na asemblea xeral serán elixidos por e entre os maiores de 18 anos correspondentes a cada circunscrición electoral dos que teñan licencia en vigor expedida pola Fegabad no momento da convocatoria das eleccións e tamén a tivesen, polo menos, durante a tempada deportiva anterior, sempre que participasen en competicións ou actividades de carácter oficial organizadas pola Fegabad ou pola Federación Española de Bádminton, coa aprobación ou intervención daquela.

**Artigo 61º**

Os representantes dos técnicos-adestradores e dos xuíces-árbitros na asemblea xeral serán elixidos por e entre os pertencentes a cada estamento calquera que sexa a súa categoría, dos que teñan licencia en vigor no momento da convocatoria de eleccións e tamén a tivesen, como mínimo, na tempada deportiva inmediatamente anterior, sempre que participasen en competicións ou actividades de carácter oficial organizadas pola Fegabad ou pola Federación Española de Bádminton, coa aprobación ou intervención daquela.

**Capítulo IX  
Elección de presidente**

**Artigo 62º**

Unha vez concluídas as eleccións á asemblea xeral e de acordo co calendario electoral establecido, o presidente da comisión xestora, logo de acordo dela, procederá inmediatamente á convocatoria da dita asemblea para elixi-lo presidente e a comisión delegada da Fegabad.

O presidente será elegido para un período de catro anos, coincidido cos anos en que se celebren xogos olímpicos de inverno pola asemblea xeral, mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto por tódolos membros de dita asemblea xeral logo de presentación e aceptación das candidaturas correspondentes. Os candidatos a presidente non teñen por que ser membros da asemblea xeral da federación.

**Artigo 63º**

Será elixido presidente o candidato que obteña o maior número de votos emitidos.

No suposto de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación, e será proclamado presidente o único candidato pola Administración deportiva autonómica.

**Artigo 64º**

Para poder ser candidato a presidente da federación, deberán reunirse as seguintes condicións:

- Te-la condición de cidadán de Galicia, segundo o que dispón o Estatuto de autonomía.
- Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
- Non estar incurso en ningunha sanción deportiva que o inhabilite, dictada polos órganos disciplinarios da Fegabad ou polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- Non ter sido condenado mediante sentenza judicial firme que leve anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de cargos públicos.



**Artigo 65º**

A votación será libre, igual, secreta e directa, e non se admitirá o voto por correo, nin por delegación das persoas físicas.

**Capítulo X**  
**Elección da comisión delegada**

**Artigo 66º**

Na mesma asemblea xeral convocada para a elección do presidente, e unha vez realizada esta, procederase á elección dos membros da comisión delegada da asemblea xeral.

A comisión delegada estará composta por un mínimo de 5 membros e ademais o presidente da Fegabad.

Os membros da comisión delegada serán elixidos por e entre os integrantes da asemblea xeral.

Serán elixidos membros da comisión delegada os que obtengan maior número de votos ata cubri-lo número de membros correspondentes á comisión delegada.

**TITULO VI**  
**Réxime económico**

**Artigo 67º**

A Fegabad xa está sometida ó réxime da administración, orzamento e patrimonio propio e caixa única. O tesoureiro someterá á asemblea xeral ordinaria un balance de situación e as contas de ingresos e gastos e memoria económica, así como o orzamento para a tempada seguinte, balance e orzamento que lles deberán ser notificados á Administración deportiva autonómica.

Non poderá aprobarse un orzamento deficitario agás autorización da Administración deportiva autonómica. Tampouco poderán repartirse beneficios entre os seus membros.

A Fegabad elaborará unha memoria que analizará fielmente a actividade económica da Fegabad, a súa adecuada actuación orzamentaria, o cumprimento dos obxectivos e os proxectos que se van desenvolver, e informará separadamente como mínimo sobre os seguintes aspectos:

1. Diferenciación dos ingresos e achegas segundo:
  - a) Subvencións públicas.
  - b) Subvencións, donativos ou achegas privadas.
  - c) Ventas de activos.
  - d) Ingresos procedentes de competicións organizadas.
  - e) Ingresos para servicios prestados pola federación, permisos licencias e outros.
  - f) Ingresos financeiros.
2. Tamén constará o destino da totalidade dos recursos, distinguindo como mínimo os grupos de custo ou investimentos seguintes:
  - a) Administración da Fegabad.
  - b) Dirección e servicios da directiva, incluíndo viaxes.
  - c) Competicións.
  - d) Axudas a clubs e outras entidades.
  - e) Axudas para actos deportivos.
  - f) Construcións e outros inmovilizados.
  - g) Formación de deportistas e técnicos.
  - h) Deporte de elite e profesional.



- i) Árbitros.
- j) Órganos xurisdiccionais.

3. O importe das obrigacións de pagamento que compre satisfacer noutros exercicios que non estean previstos no balance.

4. O importe das garantías e os avais comprometidos.

5. A liquidación do orzamento, que explique as variacións en relación co orzamento aprobado na asemblea anterior.

As contas anuais e os orzamentos estarán no domicilio social da Fegabad cunha antelación mínima de 15 días á data de celebración da asemblea xeral, ó dispor das persoas ou entidades con dereito a voto nela, as cales poderán pedir copia que se lles deberá entregar antes da celebración da asemblea.

O peche do exercicio económico anual da federación será a 31 de decembro.



#### Artigo 68º

A federación ten orzamento e patrimonio propios e deberá someter a súa contabilidade e o seu estado económico ou financeiro ás prescricións legais.

Constitúen os ingresos da Fegabad:

- a) As subvencións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Galicia ou as que outras entidades públicas poidan concederlle, así como as provenientes, se é o caso, doutras entidades públicas ou privadas.
- b) Os bens ou dereitos que reciba por herdanza, legado ou doazón de persoas físicas ou entidades particulares, así como os premios que lle sexan outorgados.
- c) As cotas dos seus afiliados.
- d) As sancións pecuniarias que se lles impoñan ós seus afiliados dentro do exercicio da potestade disciplinaria.
- e) Os froitos, rendas e xuros dos seus bens patrimoniais.
- f) Os préstamos ou créditos que se lle concedan.
- g) Os beneficios que produzan as actividades e competicións deportivas que organice, así como os derivados dos contratos que realice.
- h) Os dereitos de inscrición e demais recursos que procedan das competicións organizadas pola federación.
- i) Calquera outro que poida serlle atribuído por disposición legal ou en virtude de convenio.

#### Artigo 69º

A Fegabad destinará a totalidade dos seus ingresos e patrimonio á consecución dos fins propios do seu obxecto social.

Será necesaria a autorización da Administración autonómica para a venda ou gravame dos bens inmoables, cuxa titularidade lles corresponda a federación e que fosen financiadas, en todo ou en parte, con fondos públicos. Así mesmo, requirirase igual autorización, cando a federación pretenda comprometer gastos de carácter plurianual ou cando a natureza do gasto, ou a porcentaxe deste en relación co seu presuposto, vulneren os criterios que regulamentariamente se determinen. Esta autorización poderase consignar nos contratos programa que se poidan asinar entre a Administración deportiva autonómica e a federación para o desenvolvemento das súas actividades e funcións.

A federación aprobará en Asemblea, e durante o último trimestre do seu exercicio económico, o presuposto correspondente ao seguinte exercicio. O dito orzamento debe ser equilibrado e non

deficitario e enténdese condicionado, no que ás subvencións públicas se refire, ás condicións de aprobación dos presupostos de Galicia. O devandito presuposto deberá remitirse á Administración deportiva no prazo dun mes dende a súa aprobación.

Nos casos nos que regularmente se determine, e co fin de garantir o equilibrio financeiro e orzamentario, a federación deberá aprobar plans de saneamento dos seus estados financeiros.

A Administración autonómica poderá someter a xestión, contabilidade e estado económico financeiro da federación a unha auditoría ou verificación contable, previa ou posterior á concesión de subvencións e axudas, nos termos que regulamentariamente se determinen.

Reglamentariamente farase o depósito anual do presuposto e das contas, ou dun resumo das mesmas, no Rexistro de Entidades Deportivas ou noutros rexistros públicos que puidesen resultar competentes.

#### Artigo 70º

A xestión económica ordinaria correrá a cargo do tesoureiro, baixo a dirección do presidente, coidando das operacións de cobros e pagamentos. Autorizará coa súa sinatura, mancomunada coa do presidente, ou coa do vicepresidente autorizado, tódolos documentos de movementos de fondos. Será responsable de levar e custodia-los libros de contabilidade. Formulará os balances que anualmente deberán presentárselle á asemblea xeral para a súa aprobación.

### TITULO VII Réxime documental



#### Artigo 71º

O réxime documental da Fegabad comprenderá, como mínimo, os seguintes libros:

- a) Libro de rexistro de entrada e saída de documentos e comunicacións oficiais.
- b) Libro de rexistro de clubs no que constará a denominación destes, domicilio social e número de inscrición no Rexistro Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.
- c) Libros de actas, que consignarán as reunións que celebren tódolos órganos colexiados da Fegabad, tanto de goberno e representación como complementarios e técnicos.
- d) Libros de contabilidade.
- e) Libro-inventario de bens mobes e inmobles.
- f) Rexistro dos membros da asemblea xeral e da comisión delegada no que deberán consta-los nomes dos titulares ou representantes legais e os domicilios para as citacións e comunicacións.
- g) Libro-rexistro de sancións disciplinarias. (Art. 32 R.D. 1591/1992, do 23 de decembro, de disciplina deportiva).

#### Artigo 72º

O réxime documental da Fegabad estará a cargo do secretario, a quen lle corresponde a custodia dos libros da federación, redactar actas das reunións dos órganos colexiados e, unha vez aprobadas, asinalas co visto e praxe do presidente, expedir certificacións, remiti-las certificacións e acordos que procedan á Administración deportiva autonómica e, en xeral, prepara-la resolución e despacho de tódolos asuntos.

A Fegabad, por requirimento da Administración deportiva autonómica e nas condicións que esta determine, deberá someter a inspección o seu réxime documental.

En caso de ausencia ou imposibilidade física do secretario, as súas funcións serán desempeñadas polo propio presidente da Fegabad ou pola persoa en que delegue.

**TITULO VIII**  
**Réxime disciplinario e jurisdiccional**  
**Capítulo I**  
**Disposicións xerais**



**Artigo 73º**

A Fegabad, en materia de disciplina deportiva, ten potestade sobre tódalas persoas que formen parte da súa estrutura orgánica, os clubs deportivos e os seus deportistas, técnicos e directivos, os xuíces e árbitros e, en xeral, todas aquelas persoas e entidades que, estando federadas, desenvolvan a actividade deportiva que constitúe o seu obxecto social no ámbito territorial da Comunidade Autónoma galega.

**Artigo 74º**

A potestade disciplinaria da Fegabad rexerese polo disposto na Lei 3/2012 do deporte de Galicia; o Real decreto 1591/1992, do 23 de decembro, sobre disciplina deportiva; a Orde do 20 de xullo de 1995 que desenvolve o Decreto 228/1994 do 14 de xullo, regulador das federacións deportivas galegas; polos presentes estatutos e polo regulamento federativo que o desenvolve; e polo regulamento disciplinario da Federación Española de Bádminton.

**Artigo 75º**

Os órganos competentes en materia disciplinaria serán:

- a) En primeira instancia, un comité de competición ou xuíz único.
- b) En segunda instancia, un comité de apelación.

Ambolos dous órganos rexeranse por e aplicarán o disposto Lei 3/2012 do deporte e no Real decreto 1591/1992, do 23 de decembro, sobre disciplina deportiva, os presentes estatutos e a propia regulamentación federativa que os desenvolve.

O comité de competición ou o xuíz único de competición estarán integrados por un número de membros entre 1 e 3. O comité de apelación estará integrado por 3 membros, nomeados e separados todos eles polo presidente da Fegabad.

A composición destes comités seralle comunicada a Administración deportiva autonómica na forma prevista nestes estatutos.

**Artigo 76º**

As resolucións dictadas polo comité de apelación dentro das súas competencias terán carácter definitivo no ámbito deportivo da Fegabad e contra elas poderase recorrer perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva conforme a legislación vixente.

**Capítulo II**  
**Infraccións e sancións disciplinarias deportivas**

**Artigo 77º**

Son faltas disciplinarias as infraccións das regras do xogo ou competición e as infraccións das normas xerais de conduta deportiva tipificadas nestes estatutos e na lei do deporte.

**Artigo 78º.- Natureza e clasificación das infraccións.**

1. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves. As sancións correspondentes aplicaranse en función da clasificación das infraccións.
2. Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:
  - a) As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo, intimidación ou simple acordo ou decisión, ou resultado dunha encontro, proba ou competición.



- b) Os comportamentos e actitudes agresivos/as e antideportivos/as dos xogadores/as ou técnicos/as, cando se dirixan ao árbitro, xurados, a outros xogadores/as, técnicos/as ou ao público.
- c) Os quebrantamentos de sancións impostas.
- d) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas cando poidan alterar a seguridade da proba ou competición ou poñan en perigo a integridade das persoas.
- e) Non executar ou desobedeer as resolucións no ámbito disciplinario dos órganos disciplinarios da Fegabad ou do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- f) A inasistencia sen xusta causa dos/as deportistas ás convocatorias da selección galega ou a negativa da entidade deportiva a facilitar a súa asistencia.
- g) A aliñación indebida e non comparecer ou retirarse inxustificadamente das probas, encontros ou competicións.
- h) A reincidencia na comisión de faltas graves. Entenderase que hai reincidencia na comisión cando fose sancionado/a mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións graves no período dun ano.

Da infracción á que se refire o punto e) poderá ser responsable o/a presidente/a da federación, sen prexuízo das responsabilidades en que puidesen incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

3. Consideraranse infraccións graves as seguintes:

- a) A falta de remisión en prazo ou de forma manifestamente incompleta, sen xusta causa, dos expedientes ou da información requirida polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- b) O incumprimento de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes.
- c) Actuar de forma pública e notoria contra a dignidade e decoro propios da actividade deportiva.
- d) A reiteración de faltas leves. Entenderase que hai reiteración cando fose sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións leves no período dun ano.

Das infraccións ás que se refiren os puntos a) e b) poderá ser responsable o/a presidente/a da federación, sen prexuízo das responsabilidades en que puidesen incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

4. Consideraranse infraccións leves as seguintes:

- a) As condutas contrarias ás normas deportivas que non estean incursas na cualificación de moi graves ou graves.
- b) A incorrección co público, compañeiros/as e subordinados/as.
- c) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces/xuízas, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

**Artigo 79º.- Sancións.**

1. Pola comisión de faltas moi graves imponse as seguintes sancións:

- a) Multa en contía non superior a 1.500 euros.
- b) Perda de puntos ou postos de clasificación.
- c) Perda de ascenso de categoría ou división.
- d) Clausura do recinto deportivo por un período máximo dunha tempada.
- e) Suspensión ou privación da licenza federativa ou, de ser o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou da habilitación para ocupar cargos nunha federación deportiva por un prazo máximo de cinco anos.



- f) Privación da licenza federativa, cancelación da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou privación da habilitación para ocupar cargos na federación deportiva a perpetuidade. Esta sanción só se poderá acordar, de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extrema gravidade.
  - g) Inhabilitación por un período de dous a catro anos, cando as infraccións sexan cometidas por directivos.
  - h) Destitución do cargo, cando as infraccións fosen cometidas polos directivos/as.
2. Pola comisión de faltas graves imporáanse as seguintes sancións:
- a) Amoestación pública.
  - b) Multa en contía non superior a 1.000 euros.
  - c) Clausura do recinto deportivo ata un máximo de catro encontros ou tres meses.
  - d) Suspensión ou privación da licenza federativa e/ou, se é o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e inhabilitación para ocupar cargos dun mes a dous anos.
3. Pola comisión de faltas leves impoñeráanse as seguintes sancións:
- a) Apercibimento.
  - b) Inhabilitación para ocupar cargos federativos ou suspensión de ata un mes, ou dun a tres encontros ou probas.
4. As multas só se lles poderán impoñer ás entidades deportivas e aos que sexan considerados deportistas profesionais ou técnicos/as profesionais.

**Artigo 80º.- Principio de proporcionalidade.**

Para graduar as sancións, teranse en conta as circunstancias concorrentes, a natureza dos feitos, as consecuencias e os efectos producidos, a existencia de intencionalidade, a reincidencia e a concorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes.

En función das circunstancias previstas as sancións poderán aplicarse nos seus graos máximo, mínimo ou medio. No seu caso, de concorrer circunstancias atenuantes cualificadas, poderase aplicar a sanción inferior nun grao á prevista.

**Artigo 81º.- Circunstancias modificativas da responsabilidade.**

- 1. Serán consideradas como circunstancias atenuantes o arrepentimento espontáneo e a existencia de provocación suficiente inmediatamente anterior á comisión da infracción.
- 2. Serán consideradas como circunstancias agravantes da responsabilidade a reincidencia, o prezo, o prexuízo económico ocasionado e o número de persoas afectadas pola infracción respectiva.
- 3. Entenderase producida a reincidencia cando o infractor cometese, polo menos, unha infracción da mesma natureza declarada por resolución firme, no termo dun ano.
- 4. Os órganos disciplinarios sancionadores poderán, no exercicio da súa función, aplicar a sanción no grao que consideren axeitado, ponderando, en todo caso, a natureza dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes.

**Artigo 82º.- Causas de extinción da responsabilidade.**

A responsabilidade disciplinaria extinguese:

- a) Polo cumprimento da sanción.
- b) Polo falecemento da persoa inculpada.
- c) Por disolución da entidade ou da federación deportiva sancionadas.
- d) Por prescrición das infraccións ou sancións.

**Artigo 83º.- Prescrición de infraccións e sancións.**



1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves prescribirán ao ano e, as leves, ao mes.
2. O termo de prescrición comeza a contar o día en que se cometeron os feitos e interrómtese no momento en que se acorda iniciar o procedemento sancionador. O seu cómputo restablecerase se o expediente permanecese paralizado durante un mes por causa non imputable ao presunto responsable.
3. As sancións prescribirán aos tres anos, ao ano ou ao mes, segundo se trate das que correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves. O prazo de prescrición comezará a contar dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción, ou desde o momento no que se quebrantase o seu cumprimento se este xa comenzase.

### Capítulo III Procedementos disciplinarios deportivos

#### Artigo 84º.- Procedemento disciplinario.

A imposición de sancións pola comisión das infraccións previstas nos artigos anteriores axustarase aos procedementos que se conteñen neste capítulo.

#### Artigo 85º.- Clases de procedementos.

1. Os procedementos para a imposición de sancións serán o abreviado e o ordinario.
2. O procedemento abreviado é aplicable para a imposición das sancións por infracción das regras do xogo ou da competición e, na súa regulación, deberá asegurar o normal desenvolvemento da competición. En todo caso deberá asegurarse o trámite de audiencia ás persoas interesadas e o dereito ao recurso.
3. O procedemento ordinario será de aplicación para as sancións correspondentes ás infraccións das normas xerais de conduta deportiva.

#### Artigo 86º.- Regras comúns aos procedementos.

1. No non previsto nestes estatutos, serán de aplicación supletoria o previsto na lei do deporte e nas normas contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e o Real decreto 1398/1993, do 4 agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
2. Os procedementos sancionadores respectarán a presunción de non existencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario.
3. As sancións impostas a través do correspondente procedemento disciplinario serán inmediatamente executivas, agás que o órgano encargado da resolución do recurso acorde a suspensión.
4. As actas subscribas polos xuíces ou árbitros do encontro, proba ou competición, constituirán medio documental necesario en conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza terán as ampliacións ou aclaracións a aquelas.  
As manifestacións do árbitro ou xuíz árbitro plasmadas nas citadas actas presúmense certas, salvo proba en contrario.

#### Artigo 87º.- Procedemento abreviado.

As regras ás que debe axustarse o procedemento abreviado son as seguintes:

1. Iniciación:



- a) O procedemento abreviado iníciase coa notificación da acta da proba ou competición, que reflecta os feitos que poden dar lugar a sanción, subscrita polo xuíz árbitro ou árbitro, polos competidores ou polos delegados dos clubs.  
No suposto de que os feitos susceptibles de ser sancionados non estean reflectidos na acta, se non mediante anexo, o procedemento iníciase no momento en que teña entrada na correspondente federación o anexo da acta do partido ou documento no que queden reflectidos os feitos obxecto de axuizamento.
- b) Tamén se pode iniciar por instancia da parte interesada, sempre que a denuncia se presente nas dependencias da federación dentro do segundo día hábil seguinte ao día en que se celebrou a proba ou competición.

2. Tramitación e resolución:

- a) No prazo de dous días que se contarán dende a notificación prevista na alínea anterior as persoas interesadas poderán formular alegacións en relación cos feitos consignados na acta, no anexo ou a denuncia. Poderán propoñer ou achegar tamén, se é o caso, as probas pertinentes.  
A proba deberá practicarse no prazo máximo dos dous días hábiles seguintes ao da súa admisión.
- b) O órgano competente, no prazo máximo de dous días, que se contarán a partir da presentación de alegacións ou da práctica de proba ou da súa denegación, ao órgano competente para resolver a proposta de resolución, para que, dentro do día seguinte, se dite resolución na cal se deben expresar os feitos imputados, os preceptos infrinxidos e os que habilitan a sanción que se impoña. Así mesmo, deben expresarse na mesma resolución os motivos de denegación das probas non admitidas se non se realizase con anterioridade.  
A resolución deberáselles notificar ás persoas interesadas, con expresión dos recursos que poidan formular contra ela e do prazo para a súa interposición.

**Artigo 88º.- Procedemento ordinario.**

As regras ás que debe someterse o procedemento ordinario son as seguintes:

1. Iniciación:

- a) O procedemento iníciase por acordo do órgano competente, de oficio ou a instancia de persoa interesada.
- b) O acordo que inicie o procedemento conterá a identidade do instrutor, se é o caso do secretario, da autoridade competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúa tal competencia, o prego de cargos que conterá a determinación dos feitos imputados, a identificación de persoa ou das persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicables. Este acordo deberáselles notificar ao interesado/a.  
Serán de aplicación ao instrutor e ao secretario as causas de abstención e recusación e procedemento establecidos no capítulo III do título II, artigos 28 e 29, da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Tramitación:

- a) Durante a tramitación do procedemento, o órgano competente para incoalo, de oficio ou a instancia do instrutor, poderá acordar en resolución motivada as medidas que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.
- b) O acordo de iniciación notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para contestar os feitos e propoñer a práctica das probas que á defensa dos seus dereitos e intereses.
- c) Practicaranse de oficio ou admitiranse por proposta da persoa interesada cantas probas sexan adecuadas para a determinación de feitos e posibles responsabilidades. Só se poderán



declarar improcedentes aquelas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable.

- d) Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para facelo, ou concluída a fase probatoria, o instrutor redactará a proposta de resolución ben apreciando a existencia dalgunha infracción imputable -e neste caso conterà necesariamente os feitos declarados probados, as infraccións que constitúan e as disposicións que as tipifiquen, as persoas que resulten presuntamente responsables e as sancións que procede imponer- ou ben propoñendo a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade e o sobresemento con arquivo das actuacións.

A proposta de resolución notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para formular alegacións e presentar os documentos que consideren pertinentes.

3. Resolución:

- a) Recibidas polo instrutor as alegacións ou transcorrido o prazo de audiencia, remitiralle o expediente ao órgano competente para resolver.
- b) A resolución do órgano competente pon fin ao procedemento común, e dítase no prazo máximo de dez días hábiles.

**Artigo 89º.- Lexitimación para recorrer as sancións.**

Están lexitimados para interpoñer recurso en materia disciplinaria as persoas directamente afectadas pola sanción. Enténdese en todo caso, por tales os deportistas, as súas entidades deportivas e as entidades deportivas participantes na competición.

**TITULO IX**  
**Da disolución da Fegabad**

**Artigo 90º**

A Fegabad extingúrase polas seguintes causas:

- a) Por acordo da maioría de 2/3 dos membros da asemblea xeral referendado, por maioría absoluta, por tódolos membros da Fegabad a través de votación libre, directa e secreta.
- b) Pola revogación do seu reoñecemento.
- c) Por resolución xudicial.
- d) Por integración ou fusión con outra federación deportiva galega.
- e) Polas demais causas previstas no ordenamento xurídico.

Unha vez producida a liquidación, o patrimonio neto destinarase ós fins de carácter deportivos que determine a Administración deportiva autonómica.

**TITULO X**  
**Da aprobación e modificación dos estatutos e regulamentos federativos**

**Artigo 91º**

A aprobación ou modificación dos estatutos e regulamentos da Fegabad axustaranse ó seguinte procedemento:

1. Os estatutos e regulamentos da Fegabad só poden ser aprobados e, se é o caso, modificados pola asemblea xeral, de acordo co establecido nos presentes estatutos e iniciárase por proposta do presidente ou do 25% dos membros da propia asemblea, agás cando esta fose por imperativo legal.
2. Os regulamentos da Fegabad poden ser modificados pola comisión delegada por proposta do presidente ou dos 2/3 dos membros da comisión delegada. As modificacións non poderán exceder dos límites e criterios que a propia asemblea establezca.



3. Unha vez aprobados os estatutos, os regulamentos e as súas modificacións serán remitidos a Secretaría Xeral para o Deporte para a súa retificación e aprobación definitiva.
4. Os estatutos da Fegabad e as súas modificacións publicaranse no prazo máximo de dous meses a partir da súa aprobación pola Secretaría Xeral para o Deporte no Diario Oficial de Galicia.

***Disposición común***

Os termos e prazos establecidos nos presentes estatutos entenderanse referidos a días naturais.

***Disposición transitoria***

Considéranse integrados na Fegabad tódolos clubs actualmente existentes, agás expresa manifestación en contrario.

***Disposicións derradeiras***

Primeira.- Quedan derogados os estatutos da Fegabad ata agora vixentes, aprobados pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia o 19 de decembro de 1984.

Segunda.- Os presentes estatutos entrarán en vigor o día seguinte ó da notificación da súa aprobación pola Secretaría Xeral para o Deporte, sen prexuízo da súa posterior publicación no Diario Oficial de Galicia.

Estes estatutos foron aprobados pola asemblea xeral extraordinaria, celebrada en Vigo o día 28 de abril de 1996. Da que como secretario dou fe e praxe do presidente.

Terceira.- Estes estatutos foron adaptados a Lei 3/2012 do deporte de Galicia e aprobados pola asemblea xeral extraordinaria da federación galega o día 31 de xullo de 2015.

---

**Publicacións dos estatutos e modificación no D.O.G.:**

- DOG. Nº 216 de 8 de outubro de 1996: publicación dos estatutos, aprobados na asemblea xeral extraordinaria, celebrada en Vigo o día 28 de abril de 1996.



Fdo, Rodrigo Sanjurjo Pose  
Presidente Fed. Galega de Badminton



Fdo. Ana Belén Durán Montero  
Secretaria Xeral-Tesoureira, Fed. Gal. Badminton

